



DATOS IDENTIFICATIVOS

Estrutura do primeiro idioma estranxeiro: Inglés

Materia	Estrutura do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01902			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Rodríguez Vázquez, Rosalía			
Profesorado	Bemposta Rivas, Sofía Fernández Pena, Yolanda Rodríguez Vázquez, Rosalía			
Correo-e	rosalia@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición xeral	Nesta materia o alumnado recibe a información precisa que lle permitirá desenvolver unha análise sintáctica segundo o modelo de Principios e Parámetros, con certas influencias do Programa Minimalista da Gramática Xenerativa. Igualmente, os conceptos iniciais introducen as asuncións teóricas esenciais do modelo.			

Competencias

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.

B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C90	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados da morfoloxía nas principais paradigmas de explicación lingüística.
C91	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados da sintaxe nas principais paradigmas de explicación lingüística.
C92	Adquirir os coñecementos necesarios para a análise morfosintáctica das cadeas lingüísticas en primeiro idioma estranxeiro.
C93	Enfrontarse a problemas, exercicios e traballos académicos de morfosintaxe.
C94	Desenvolver unha actitude crítica informada con respecto á morfosintaxe dentro dun concepto de ciencia da linguaxe.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Comprensión dos conceptos fundamentais da morfoloxía e a sintaxe, aplicadas á descrición do primeiro idioma estranxeiro (inglés).	A1 A2 A3 A4 A5	B3 B4 B5 B13	C90 C91 C92
Adquisición dos coñecementos imprescindibles para analizar, desenvolver e avaliar criticamente distintas estratexias de análise morfosintáctica dentro dun concepto amplo de ciencias da linguaxe.	A1 A2 A3 A4 A5	B6 B7 B8 B9	C94
Iniciación na investigación en morfosintaxe mediante a realización de exercicios, prácticas e traballos académicos específicos neste ámbito.	A2 A3 A4 A5	B9 B13	C93

Contidos

Tema	
Unit 1: The scientific study of language	1.1. Linguistics as the science of language 1.2. From raw linguistic data to generalizations: Word order in English questions
Unit 2: Diagnostics for syntactic structure	2.1. Diagnosis for structure: constituency tests 2.2. X-Bar Theory: categories, Head Hypothesis, specifiers, complementation vs. adjunction 2.3. The Verb Phrase and the Sentence: A First Exploration
Unit 3: An introduction to lexical and functional categories	3.1. The structure of finite sentences 3.2. The structure of non-finite sentences 3.3. Syntactic operations: Merge and Move 3.4. Meaning relations and structure: Thematic roles 3.5. Multiple auxiliaries
Unit 4: Refining structures: From one to many subject positions	4.1. Some concepts: base vs. derived positions, adjunct scope 4.2. The VP-Internal Subject Hypothesis (VPIH) 4.3. Subject position(s) and auxiliaries
Unit 5: The periphery of the sentence	5.1. Summary of previous concepts 5.2. Constructing the periphery of the sentence: SAI, questions and complementisers 5.4. The periphery of non-finite clauses 5.5. Relative clauses
Unit 6: More on predicates	6.1. Summary of previous assumptions 6.2. A new functional category: Tense 6.3. Revising the NP: The DP Hypothesis

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	24	36	60
Resolución de problemas	20	38	58
Outros	6	24	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Exercicio de "brainstorming" sobre coñecementos previos relativos á morfosintaxe da lingua inglesa e actividade de avaliación inicial non puntuable.
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia.
Resolución de problemas	Resolución de problemas e/ou exercicios relativos á sintaxe da lingua inglesa.
Outros	Probas de avaliación dos coñecementos teóricos e prácticos sobre os contidos impartidos e lecturas realizadas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Con independencia das actividades lectivas que requiran atención personalizada, esta desenvolverase principalmente no horarios de titorías dos/as docentes, fóra das horas de docencia presencial.
Resolución de problemas	Con independencia das actividades lectivas que requiran atención personalizada, esta desenvolverase principalmente no horarios de titorías dos/as docentes, fóra das horas de docencia presencial.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Outros En datas correspondentes a sesións de clase anunciadas con tempo polas docentes, haberá tres probas parciais da materia impartida. Estas tres probas computarán como segue: - Primeira proba parcial: 30% da nota final. - Segunda proba parcial: 30% da nota final. - Terceira proba parcial: 40% da nota final.	100	A1	B3	C90
		A2	B4	C91
		A5		C92
				C93
				C94

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

1.1. Avaliación continua

Na primeira edición de actas, a avaliación realizarase consonte o detallado máis arriba. As tres probas de avaliación parcial terán lugar durante o período lectivo en sesións de clase, en datas anunciadas na aula e publicadas na plataforma de teleaprendizaxe da materia.

A cualificación mínima requirida nas probas de avaliación parcial e finalista escritas será de **5 puntos sobre 10 para poder superar a materia**. Cómpre observar que, para que as tres notas das probas parciais sexan ponderadas, a nota mínima nesas probas non poderá ser inferior a 4.

Toda persoa que realice o primeiro exame parcial terá que continuar polo sistema de avaliación continua, sen que sexa posible ter realizado un exame parcial e despois pasar ao sistema de avaliación única (véxase 1.2.).

1.2. Avaliación única

Se algun/ha alumno/a non desexa acollerse ao sistema de avaliación continua, deberá comunicarllo ao profesorado **ao comezo do cuadrimestre (nas dúas primeiras semanas de clase)**. Nese caso, poderá ser avaliado/a mediante un exame único, baseado nos contidos da materia, que combinará preguntas teóricas e exercicios prácticos e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar no período de exames na data oficial aprobada pola Xunta de Facultade.

A escolla desta opción de avaliación en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás clases sempre que sexa posible, pero si a perda do dereito de realizar os exames parciais indicados en 1.1.

2. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

Na **segunda edición de actas (xullo)** a avaliación levarase a cabo mediante un **exame único**, baseado nos contidos da materia, que combinará preguntas teóricas e exercicios prácticos e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar no período de exames na data oficial aprobada pola Xunta de Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Haegeman, Liliane, **Thinking syntactically. A guide to argumentation and analysis**, Blackwell, 2006

Bibliografía Complementaria

van Gelderen, Elly, **An introduction to the grammar of English**, John Benjamins, 2010

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Morfosintaxe do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01402

Outros comentarios

O alumnado deberá acceder regularmente ás fontes bibliográficas recomendadas da biblioteca.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

O plaxio en calquera proba ou traballo solicitado polas docentes suporá un suspenso nesa proba. Neste sentido, é fundamental que o alumnado observe os dereitos de copyright dos materiais utilizados.
